

Curso 2025/26

PROGRAMA ESCOLAR MPG

Actividades e obradoiros
didácticos.

INFANTIL e PRIMARIA

Este programa conta co patrocinio especial do Concello de Santiago de Compostela.

Museo do Pobo Galego



ACTIVIDADES NO MUSEO CO DEAC

1º Trimestre: a Poesía Oral.

XOGOS CANTADOS

A través de xogos de roda que levan asociados coreografías e cantigas, o alumnado máis petís poderá achegarse as salas do Museo e algúns dos seus obxectos. Cantaremos coplas inspiradas na nosa tradición oral e elas darannos pé para bailar e procurar polo Museo moitos dos utensilios dos que falan. Dun xeito divertido, potenciaremos non só a nosa habilidade cantora senón tamén a psicomotricidade, a escoita atenta, a comprensión do que cantamos e todo a través da participación grupal.

- Dirixida a **Infantil (desde os 4 anos) a 2º de Primaria**.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. Centros socios de balde.
- Duración de 50 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.

CANTIGAS BEN CHAS SEI

Xogo de descuberta que ten como fío condutor a poesía oral. Cantos recompilados no noso arquivo sonoro guiarannos nesta viaxe polo Museo, asociando cada cantiga a obxectos das diferentes salas. A través de dinámicas lúdicas, aprenderemos curiosidades da colección á vez que entrenamos a escoita atenta e a nosa capacidade de transcribir o que escoitamos.

- Dirixida a **3º e 4º de Primaria**.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. Centros socios de balde.
- Duración de 50 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.

A TOUPORROUTOU

A Touporroutou é unha de tantas mulleres que transmiten a poesía oral. É moitas desas voces gravadas no pasado que se espallan polas salas do Museo e que son fonte de inspiración para as máis recentes figuras da música actual. Nesta actividade investigaremos xunto con Raquel Queizás, recreando esa labor de recompilación que foi e é tan importante para manter vivo o noso patrimonio oral.

- Dirixida a **5º e 6º de Primaria**.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. Centros socios de balde.
- Duración de 60 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas: 15 de outubro, 12 de novembro; 10 de decembro.
- Horario: ás 11h15 ou ás 12h30.

2º Trimestre: o Entroido.

O PODER DAS MÁSCARAS

Sesións de narración oral nas que Raquel Queizás contará lendas e historias relacionadas coas máscaras da exposición. A actividade busca activar a imaxinación e familiarizar ás crianzas coa riqueza simbólica do Entroido.

Ademais conta cun *Caderniño didáctico* con actividades extraídas da nosa guía de estimulación cognitiva como complemento de traballo en aulas. Este caderno consta de imaxes de máscaras para colorear, debuxar por simetría ou por copia e fotografías reais do Entroido para observar e comentar.

- Dirixida a Infantil (desde os 4 anos) a 2º de Primaria.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. Centros socios de balde.
- Duración de 60 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas: 4, 11 ou 25 de febreiro.
- Horario: ás 11h15 ou ás 12h30.

QUEN É QUEN?

Actividade lúdico-didáctica baseada no xogo do “Quen é quen?” combinada cun percorrido interpretativo pola exposición temporal sobre as máscaras do mundo. Procuraremos fomentar o razoamento e a imaxinación a partir da estética das máscaras, localizáremolas xeograficamente e compararemos os seus comportamentos.

- Dirixida a 3º e 4º de Primaria.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. Centros socios de balde.
- Duración de 60 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.

MÁSCARAS CON TABÚ

Xogo de palabras prohibidas (tabús) para describir e adiviñar diferentes máscaras do mundo a partir das súas características. Inclúe reflexión sobre semellanzas e diferenzas con máscaras da cultura galega xunto con simulación do comportamento das mesmas.

- Dirixida a 5º e 6º de Primaria.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. Centros socios de balde.
- Duración de 60 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.

3º Trimestre: os Foros.

O VAL DOS FOROS ENCANTADOS

Nun recuncho máxico de Galicia, vive unha comunidade de animais traballadores. Todos coidan a terra coas súas patas e corazóns mais hai un problema: a terra está encantada polos foros, uns contratos antigos que fan que non poidan chamala súa. Serán quen de romper o encantamento e recuperar o que sempre lles pertenceu? Xunto a Raquel Queizás, as crianzas participarán desta historia sobre a propiedade da terra e as loitas agrarias.

- Dirixida a Infantil (desde os 4 anos) a 2º de Primaria.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. Centros socios de balde.
- Duración de 60 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas: 22 de abril; 20 de maio; 3 de xuño.
- Horario: ás 11h15 ou ás 12h30.

LEVAR A TERRA

Visita narrada na que, a través da mestura dun xogo de rol con cartas simplificado, o alumnado experimentará o significado de ser foreiros e foreiras, mergullándose nos traballos necesarios para poder pagar as rendas e levar a terra.

- Dirixida a 3º e 4º de Primaria.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. Centros socios de balde.
- Duración de 60 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.

A TERRA EN TRES VOCES

Con dinámica de escape room o alumnado non só percorrerá as salas do Museo, senón tamén parte da historia de Galicia, aprendendo que significou ser foreiro e foreira e tentando conseguir os medios precisos para facerse coa propiedade da terra.

- Dirixida a 5º e 6º de Primaria.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. Centros socios de balde.
- Duración de 60 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.

... E durante todo o curso, XOGOS DE PISTAS

Xogos de descuberta orientados desde o último ciclo de Infantil até 6º de Primaria que servirán de achegamento xeral, didáctico e lúdico aos contidos etnográficos do Museo.

- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. Centros socios de balde.
- Duración de 50 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25.
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.

ACTIVIDADES NO MUSEO AUTÓNOMAS

Ofrecémosvos diferentes actividades autónomas, é dicir, dirixidas polo profesorado a través de materiais que vos enviamos con antelación. Poderedes desfrutar dos contidos da colección permanente mediante diferentes dinámicas adaptadas a cada tramo educativo.

Podedes escoller entre:

1. **Coscobellos ao cesto** ____ Para Infantil e 1º EPO.
2. **Museo en test** ____ Xogo adaptado de 2º a 6º EPO.

Para ver os materiais [premede aquí](#)

Para orientarvos no espazo, recomendamos traer este [plano](#).

- Actividades dirixidas polo profesorado.
- Prezo de balde mais lembre que o centro debe traer os materiais impresos.
- Duración aproximada de 60 minutos.
- Máximo de 30 participantes en cada quenda.
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 18h.
- Aínda que sexan visitas autónomas, sen a mediación do departamento de educación, debedes ter a reserva confirmada a través do correo-e servizosdeac@museodopobo.gal

ACTIVIDADES NO CENTRO

A GULPILLEIRA

A casa da raposa está, polo xeral, no monte. Porén, no Museo do Pobo Galego temos unha gulpilleira moi especial. Un cubil nun recuncho da sala de Sociedade, onde se instalou a nosa amiga e onde pasa longas tempadas ao quentiño. Desde alí, cóntanos contos sobre as cousas que acontecen nese monte no que adoita vivir, un monte vivo e colorido, o monte que queremos ter ao lado das nosas casas.

- O material principal da actividade é un vídeo-conto de Raquel Queizás no que usa diferentes técnicas como os monicreques para tratar os contidos.
- Dirixida a alumnado de infantil a 1º ciclo de primaria.
- Duración do vídeo: 10 minutos.
- Prezo: de balde.
- Datas e horario: a determinar polo centro durante todo o curso.
- Necesidade de ter no centro infraestrutura para a proxección.

CADERNIÑO DIDÁCTICO DO ENTROIDO

Material con actividades extraídas da nosa guía de estimulación cognitiva como imaxes de máscaras para colorear, debuxar por simetría ou por copia ou fotografías reais do Entroido para observar e comentar.

- Esta proposta está dirixida a Infantil e primeiro ciclo de Primaria.
- Prezo: de balde.
- Datas e horario: a determinar polo centro dentro do segundo trimestre.

Solicitude dos materiais en servizosdeac@museodopobo.gal

INFORMACIÓN PARA VISITARNOS

• HORARIO

Atención telefónica: de luns a venres de 09h30 a 15h.

Atención de grupos en sala: de martes a venres de 11h a 14h.

As actividades libres ou autónomas pódense facer no [horario de apertura do Museo](#).

• RESERVA DE ACTIVIDADES

A través deste [formulario](#).

• PREZOS

Entradas de balde para estudantes menores de 18 anos. Para estudantes maiores de 18 anos o prezo está reducido a 2€.

As actividades co DEAC teñen o coste de 1€por alumna/o. Son gratuítas para centros socios.

As actividades libres ou autónomas son de balde.

• DATOS DE CONTACTO



servizosdeac@museodopobo.gal



Luns no 604 066 159

De martes a venres no 981 583 620 · Tede en conta que moitas veces estamos en sala, polo que a mellor forma de contactarnos é vía correo-e